

O DESAFÍO DE SOFÍA

Lillah Halla, 2023

1455

ESTREA EN NUMAX: 03.02.2025 | V.O.S.E. | +16 | 92 min

En vésperas dun campionato que definirá o futuro, a prometedora xogadora de voleibol Sofia enfróntase a un embarazo non desexado. Buscando unha terminación ilegal, convértese no obxectivo dun grupo fundamentalista decidido a detela a toda costa, pero nin Sofia nin quen a queren están dispostos a renderse ante o fervor cego do enxame.

«Esta celebración da sororidade queer fronte ao conservadorismo brasileiro está chea dunha enerxía punzante e combativa.»

Wendy Ide, SCREENDAILY



Levante

Por David Katz

Con todas as ideas preconcebidas que podemos ter sobre os dereitos reprodutivos nos países desenvolvidos, quizá nos sorprenda descubrir que o aborto en Brasil é ilegal e conleva penas severas. A opinión pública tamén se inclina cara á criminalización, ao que contribúe ao forte renacemento do cristianismo evanxélico no país, unha situación que tamén aparece reflectida na excelente *Retratos fantasmas* (Kleber Mendonça Filho, 2023). Aínda que pareza familiar a primeira vista, *O desafío de Sofía*, ópera prima da directora brasileira Lillah Halla (formada na escola de cinema de Cuba), sobre unha xogadora estrela de voleibol que queda embarazada, resulta especialmente urxente e presenta novas perspectivas sobre este tema.

A película presenta dúas liñas argumentais que se entrelazan bastante ben: Sofía (Domenica Dias), unha moza de 17 anos de ascendencia afrobrasileira, xoga no equipo xuvenil de voleibol feminino Capão Leste (nome da zona de São Paulo na que vive), onde están a considerar seriamente concederlle unha bolsa deportiva en Chile que podería cambiarlle a vida. Ao descubrir que está embarazada dunha persoa á que define con indiferenza como “un tipo con moto”, Sofía empeza a informarse sobre as alternativas de interrupción do embarazo, que se limitan a centros privados de saúde feminina cuxa función é realmente disuadir ás mulleres de abortar. Seguindo o retrato que fai Halla, o proceso comeza cun escáner para ver o feto vivo no útero, establecendo asombrosos paralelismos cos Estados máis conservadores de Estados Unidos, mentres que a brancura do médico e a enfermeira (así como a doutros personaxes agresivos que veremos máis adiante na historia) tamén se asocia con ameazas e coerción social. A película apraza de forma realista calquera esperanza, xa que o guión (coescrito por María Elena Morán) segue a Sofía e ao seu pai apicultor, João (Rômulo Braga), mentres valoran a opción dunha clínica uruguaia, debido á ascendencia da súa nai falecida. Outra opción é a vía clandestina de adquirir ilegalmente Misoprostol, un medicamento utilizado no tratamento, pero tamén unha alternativa perigosa que pode chegar a implicar xudicialmente a quen a axuda.

Como comentamos, esta liña argumental tan orientada a un obxectivo concreto, que vimos en películas recentes como *O acontecemento* (Audrey Diwan, 2021) e *Nunca, case nunca, ás veces, sempre* (Eliza Hittman, 2020), combínase de forma eficiente co torneo de voleibol no que participa a protagonista, engadindo unha nova dimensión á carreira contrarreloxo e unha sensación de anticipación nerviosa. O contexto do equipo, un espazo amplamente “queer”, con xogadoras trans e non binarias (sobre un cartel no vestiario podemos ver escrito o pronome “eles”), achega unha carga especial ao trauma de superar un embarazo non desexado. Cando un grupo de extrema dereita, seguidores de Bolsonaro, se decata da súa situación a través dos comentarios que circulan polo barrio, o equipo convértese nun núcleo de resistencia feminina, un espazo de defensa mutua para unha serie de cuestións específicas de xénero. A isto hai que sumarlle o inventivo uso da música e unha enxeñosa iluminación en clarescuro, así como o feito de evitar un final triunfalista para todos os públicos no torneo deportivo, convertendo este debut nun primeiro partido maduro e agrídoce para Halla.

Publicado en cineuropa.org